



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

INFORMA

3 de abril 2009

Criticaron a “falta de valentía” dos responsábeis do organismo e advirten ao PP que non se aceptarán novas demoras nas probas nin o cuestionamento do carácter público do servizo

Os traballadoras/es do Consorcio levantan o peche logo de catro xornadas

As traballadoras e traballadores do Consorcio e os delegados e delegadas da CIG decidiron levantar o peche logo de pasar catro xornadas encerrados/as na sede do organismo en Compostela. Dende a CIG-Ensino lamentouse a falta de “valentía” para continuar os procesos selectivos e advertiuse ao futuro goberno do PP que non se admitirán novas demoras nas probas nin se “tolerará” o cuestionamento do carácter público do Consorcio.

Preto de 500 persoas pasaron nos últimos días polo peche organizado no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que finalmente ao mediodía deste venres deuse por rematado. A decisión chegou logo da imposibilidade de realizar as probas nos prazos previstos e a constatación de que as mesmas se van levar a cabo xa co novo goberno do PP constituído.

Anxo Louzao, secretario nacional da CIG-Ensino, compareceu en rolda de prensa acompañado das presidentas do Comité de A Coruña, Pontevedra e Ourense e o responsábel da Federación nos centros de día, agradeceu a participación total dos traballadores e traballadoras das galescolas e centro de día, a solidariedade amosada a través dos escritos e a par-

ticipación activa durante estes catro días. “Valoramos moi positivamente a resposta do conxunto do persoal e a asistencia nas accións levadas a cabo nos últimos días”, apuntou.

Louzao explicou que se están recollendo sinaturas en apoio ao manifesto en defensa dos postos de traballo e o mantemento do carácter público dos servizos ofertados polo Consorcio. “Pretendemos pór en valor o seu carácter público e a súa función educativa e asistencial, fundamental para un país como o noso, que sempre estivo á cola das prestacións sociais. Este modelo e a súa utilidade son moito máis necesarias en momentos de crise, xa que se garante traballo a 1.200 e o servizo que cubre prestacións que moitas veces difíciles de acadar para as clases sociais máis golpeadas pola crise”, afirmou.

O secretario da CIG-Ensino recoñeceu que non se acadan os obxectivos marcados para o peche: continuar os procesos selectivos e que non se ceda “á chantaxe do PP e extorsión antidemocrática”. Non obstante, Louzao mostrouse moi crítico coa dirección do Consorcio, ao asegurar que lles faltou “valentía suficiente” para que as probas continuasen. “Non se pode condicionar a política de persoal e o funcionamento a administración á actitude que poidan ter certos

alcaldes do PP que invalidaron que se puideran constituír as comisións de validación”, aseverou.

Aínda así, dende a central destacou que se conseguiu o compromiso de que antes do día 7 de abril se nomeen os membros das comisións de valoracións e se constituán os tribunais que non dependan do nomeamento de representantes de alcaldías do PP..

“Chegados aquí, a realidade é que non vai haber oposicións antes da toma de posesión do novo goberno”, afirmou Louzao. “Tendo en conta isto, decidimos levantar o peche, na medida en que é difícil que se realicen os procesos nas datas previstas; todo apunta a que vai ser o PP quen realice as probas, pero non imos aceptar baixo ningún concepto novas demoras”.

Neste senso, Louzao advertiu ao futuro goberno de Alberto Núñez Feijoo que se atrasa os procesos ou pon en tea de xuízo o futuro do carácter público do Consorcio “vanse atopar a CIG enfronte, pero tamén ao conxunto do persoal, que nas últimas semanas mostrou unha disposición realmente activa para levar a cabo calquera tipo de mobilización”.